



Desde *Divulgare* levamos dez anos tratando de achegar a ciencia e o pensamento científico á sociedade. Para iso, un grupo de científicos con ganas de lle dar a coñecer o noso traballo á sociedade apostamos naquel momento por estruturar un equipo de traballo multidisciplinar: artistas gráficos, programadores informáticos e científicos traballando xuntos para tratar de facer máis sinxela e entretida a mensaxe que transmitirle á sociedade.

Desde este grupo de persoas que teño o orgullo de dirixir na Universidade de Vigo, propuxémonos facer o que sexa para que a xente que non interacciona co mundo da ciencia habitualmente entenda un pouco mellor o que facemos os científicos co seu diñeiro. Estamos orgullosos de poder facer ciencia con diñeiro público, pero non oculto que, en moitos casos, nos xera certa frustración comprobar que moita xente non entende o traballo dos científicos nin a súa utilidade social.

E a realidade é que, neste mundo que nos tocou vivir, resulta imposible entender o grao de coñecemento que os humanos temos da vida se non é á luz do coñecemento científico que fomos acumulando. E quero resaltar o de “coñecemento científico” porque me refiro a un coñecemento adquirido tras poñer a proba e contrastar hipóteses que foron xurdindo das observacións. Neste sentido, un dos nosos principais obxectivos sempre foi tratar de explicar en que consiste o método científico e pelexar por incorporar o pensamento crítico na sociedade. Persoalmente defendo sen concesións a idea de que unha sociedade ben informada e ben educada é máis difícil de ser manipulada. Iso é o que nos fai libres como individuos e como sociedade. Liberdade, un sentimento que os humanos anhelamos desde o inicio da nosa estirpe, pero que moitas veces non sabemos como conseguir. E a cultura é un dos camiños que nos leva a un mundo onde a liberdade individual sexa respectada.

Para ser libre mediante a cultura, igual ca para facer boa ciencia, hai que ler. A era dixital instalouse nas nosas vidas con gran naturalidade para facilitarnos moito as cousas. Pero para min, que veño dun mundo anterior, tamén trouxo un pouco de confusión. Hoxe en día é moi fácil atopar millóns de bytes de información, pero... só unha porcentaxe moi reducida deles foi sometida a unha revisión rigorosa por parte dalgún experto. Sen lle quitar mérito ningún á gran vantaxe que esta revolución intelectual está a supoñer para o avance da cultura na sociedade, persoalmente ségueme gustando informarme en medios que foron sometidos a algún proceso de revisión antes de que cheguen ás miñas mans. Neste sentido, a información que me gusta engulir está nas bibliotecas, eses olimpos de paz nos que aínda un pode concentrarse facilmente na lectura.

Na miña profesión, como docente e investigador, sempre me preocupei de manter unha boa biblioteca persoal, por gusto pero tamén como parte do meu labor docente/educador. Crecer intelectualmente rodeado de libros e revistas na miña casa ou no meu traballo axudou a crear esa atmosfera que cos anos me serviu de inspiración para xerar moitas hipóteses de traballo e mesmo plans de vida. Co tempo tiven a enorme fortuna de poder canalizar a miña vida profesional e familiar polo carreiro que marcaron moitas daquelas lecturas que devoraba sendo mozo. Dalgunha maneira, a miña vida está a ser o reflexo ou a continuación do que lín neses libros que tanto me inspiraron. Hoxe en día síntome unha persoa libre, orgullosa de poder visitar e explorar moitos países e ecosistemas cos que comecei a soñar cando lía libros da colección denominada Xoias literarias xuvenís, primeiro, e as obras do fenomenal oceanógrafo Jacques-Yves Cousteau que me abriron unha xanela a un mundo descoñecido e me alimentaron a ansia de descubrir e explorar. A estas alturas da miña vida, teño a convicción de que, se de mozo na miña casa non circularan aquelas coleccións de libros que tan ben souberon elixir os meus pais para crear esa atmosfera positiva cara ao descubrimento da vida, a paixón coa que enfrontei todo na miña vida, e que ao cabo marcou a miña traxectoria vital, non existiría.

Persoalmente débolles moito a eses libros e bibliotecas que me acompañan nesta viaxe que é a vida na que vou trasladando historias que me gustan en soños que cumprir, e algúns deles en realidades que me enchen plenamente.

Por iso, só podo recomendarvos que aproveitades estas institucións do coñecemento que, afortunadamente, temos á nosa disposición para ir creando a vosa propia historia vital. E se o facedes utilizando libros e traballos científicos, tede a seguridade de que os cimentos da vosa construción serán máis sólidos.

Luis Navarro

Profesor titular de Bioloxía da Universidade de Vigo